

**CULTURA**

**UN CORTEXO DENDE PADRÓN ATÉ SANTIAGO**  
A comitiva percorrerá hoxe pola tarde en tren o traxecto entre as dúas localidades máis vencelladas a Rosalía

A ASOCIACIÓN DE ESCRITORES PEDIRÁ HOXE NA CELEBRACIÓN DO 125 ANIVERSARIO DO PASAMENTO DE ROSALÍA QUE BONAVAL "SEXA DOS GALEGOS"

# A cultura galega esixe o uso "público e laico" do Panteón tras a súa reapertura


Os intelectuais do país encabezan un acto en honra da poetisa que culminará no histórico edificio e que apoian máis de 200 colectivos

**ALBERTO RAMOS**  
GALICIA  
alberto.ramos@xornaldeg Galicia.com

Despois de dous meses de peche, o Panteón de Galegos Ilustres volve estar aberto ao público. As visitas estarán restrinxidas a seis días por semana. Pero nas súas portas haberá un porteiro que controlará a entrada e os actos que alí se organicen: o Arcebispo de Santiago. Esta é a nova situación do histórico edificio de Bonaval que permite ao público visitalo, pero non atende as reivindicacións sobre "o seu uso público e laico" que impregnarán hoxe ás homenaxes a Rosalía de Castro no 125 aniversario do seu pasamento.

"Entraremos no Panteón de Galegos Ilustres cunha autorización do Arcebispo. Hoxe entraremos, pero nós non queremos entrar así neste lugar que é noso, que é de todos os galegos". Con estas palabras, o presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez, mantén as reivindicacións sobre o uso laico de Bonaval que protagonizarán o cortexo cívico encabezado polos intelectuais do país en lembranza da insigne poetisa.

Ese cortexo reivindicativo sairá de Padrón ás 17.45 a bordo dun tren chamado *Follas Novas* que partirá da estación da Matanza e percorrerá o traxecto entre esta vila e a capital galega. Unha hora antes, Cesáreo Sánchez intervirá na Colexiata de Santa María de Iria en representación das máis de 200 fundacións, entidades e asociacións que apoian esta homenaxe. O presidente dos escritores galegos recitará poemas de Rosalía e explicará as dúas grandes reivindicacións sobre o Panteón. A primeira é que o histórico edificio abra en horario de mañá e tarde por conta da Administración e a segunda pasa pola aconfesionalidade da xestión do Panteón. Co protocolo asinado o martes entre a Xunta de



O Panteón abriu onte as súas portas e algúns aproveitaron para visitar a tumba de Rosalía na véspera do 125 aniversario do seu pasamento

OSCAR DACOSTA

## O CCG CREA UNHA COMISIÓN DE ESTUDO SOBRE BONAVAL

O Plenario do Consello da Cultura Galega (CCG) aprobou a creación dunha comisión interinstitucional "de estudo e proposta de acción futura sobre o Panteón de Galegos Ilustres", na que estarán representados, ademais do CCG, a Real Academia Galega, o Museo do Pobo Galego e as Fundacións Rosalía de Castro, Alfredo Brañas e Castelao. Esta foi unha das decisións que tomou onte o Consello da Cultura Galega, que tamén aprobou o programa de actividades conmemorativas do primeiro centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911), que inclúe exposicións,

congresos e publicacións. Ademais, o Consello da Cultura Galega decidiu a composición da nova Comisión Executiva, á que se incorpora Rosario Álvarez como vicepresidenta e na que Xosé López asume as funcións de secretario, substituíndo a Henrique Monteagudo. Francisco Díaz-Fierros continúa como vicepresidente primeiro. O máximo órgano de goberno da institución aceptou tamén a incorporación, como membro electivo, do empresario e promotor cultural Alfonso Paz. Finalmente, o Plenario deu o visto bo para levar a cabo un plan de austeridade económica que

supón unha redución do 15% nas asignacións por asistencia ás reunións de traballo. A decisión por parte do Consello da Cultura Galega de crear a comisión de estudo sobre o Panteón chega en plena polémica sobre o seu uso por parte da Igrexa e na véspera dos actos de celebración 125 aniversario do pasamento de Rosalía de Castro. Nesta conmemoración tamén se uniu a Xunta de Galicia, que asinará un convenio de colaboración coa Fundación Rosalía de Castro por un valor de máis de 17.000 euros para a promoción e a difusión da figura literaria da poetisa.

de Galegos Ilustres. "Teremos unha parte do acto no exterior do edificio e logo entraremos no Panteón para rematar a xornada. Para iso tivemos que pedir permiso ao Arcebispo", sinala Cesáreo Sánchez.

### HOMENAXE DA FUNDACIÓN

A Casa da Matanza, sede da Fundación Rosalía de Castro, será outro dos epicentros culturais da xornada. "Despois de 125 anos, Rosalía segue viva na Casa da Matanza. Rosalía segue viva e operativa e nos celebrámo-lo como todos os anos", explica a escritora Helena Villar, presidenta da Fundación dedicada á poetisa. A conmemoración comezará ás 20.00 na Casa da Matanza, a entrada será libre e incluírá a conferencia do académico Xesús Alonso Montero sobre a figura de Rosalía, un recital poético, a entrega do VI Premio Rosalía de Castro para Experiencias Pedagóxicas e a presentación do libro *Poetas con Rosalía V*, a cargo do profesor Anxo Angueira. ■

Galicia e o Arcebispo de Santiago, ningunha desas dúas peticións se cumpre.

A comitiva rosaliana, unha vez chegada a Compostela ás seis da tarde, percorrerá as rúas da capital galega e realizará varias para-

O cortexo sairá de Padrón ás 16.45 cara a Compostela no tren 'Follas Novas'

das para continuar a homenaxe. As prazas do Toural, da Universidade e Cervantes recibirán así a visita do cortexo. Nelas leranse diversos poemas de *Cantares gallegos*, unha das obras insignes de Rosalía de Castro. O percorrido rematará no Panteón

www.xornal.com  
O Panteón debe ser público e laico? Opina na nosa páxina web